



CORPORACIÓN
RADIO E TELEVISIÓN
DE GALICIA

San Marcos
15820 Santiago de Compostela
Tlf: +34 981540640
info@crtvg.es www.crtvg.gal

A CRTVG pon en marcha un paquete de medidas de apoio ao sector audiovisual e creativo para contrarrestar os efectos da Covid-19

A importancia e transcendencia do servizo público de comunicación audiovisual de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia e en xeral da actividade de todos os medios de comunicación, como resultado da situación xerada pola evolución da Covid-19, volveu ser obxecto de recoñecemento normativo no recente Real Decreto-lei 10/2020, de 29 de marzo, polo que se regula un permiso retribuído recuperable para as persoas traballadoras por conta allea que non presten servizos esenciais, co fin de reducir a mobilidade da poboación no contexto da loita contra a Covid-19.

Nesta norma recóllense, entre outras, como actividades esenciais: "As desenvolvidas por aqueles que prestan servizos en puntos de venda de prensa e nos medios de comunicación ou axencias de noticias de titularidade pública e privada, así como na súa impresión ou distribución". A Corporación RTVG e o resto de medios de comunicación seguen a ser un servizo esencial.

A conxuntura extraordinaria, que se vive na industria cultural e creativa e en especial na audiovisual, proxecta o seu efecto sobre o normal desenvolvemento da súa actividade. Por este motivo, a CRTVG propúxose adoptar un paquete de medidas que contribúan a favorecer a actividade deste sector. Pretende así a CRTVG contribuír a achegar un apoio decidido como empresa integradora da cadea de valor da industria cultural e creativa galega.

As iniciativas que compoñen este conxunto de medidas, as cales amosan o renovado compromiso corporativo coa industria audiovisual galega e o seu tecido produtivo, son as seguintes:

- Mantemento do grosu da programación de proximidade dos diferentes medios públicos galegos, con centos de contratos para traballadores e prestadores de servizos da industria cultural e creativa galega, como expresión esencial do servizo público en información, entretemento, divulgación, cultura e coñecemento no momento en que máis o demanda o conxunto da cidadanía de Galicia desde os seus fogares.
- Contratación de novos produtos audiovisuais adaptados ás novas necesidades xurdidas na sociedade galega durante o estado de alarma. Estase a pensar en: contidos educativos, sociais, experiencias innovadoras coma a slow TV ou a



CORPORACIÓN
RADIO E TELEVISIÓN
DE GALICIA

San Marcos
15820 Santiago de Compostela
Tlf: +34 981540640
info@crtvg.es www.crtvg.gal

carteleira de cine dixital, sen prexuízo de atender ás restricións que marquen as autoridades públicas para combater a pandemia da Covid-19.

- Redución dos prazos de pagamento polos produtos entregados e servizos prestados á CRTVG.
- Posta en marcha do procedemento de selección e formalización dos contratos de apoio á produción audiovisual que teñan xa definido o seu cronograma de produción. Esta actuación realízase baixo o obxectivo de que as produtoras poidan destinar o tempo do estado de alarma á pre-produción dos seus proxectos audiovisuais.
- Pactar unha moratoria dos prazos de entrega daquelas producións que viron interrompido o seu plan de produción por causa do estado de alarma.
- Celebración con carácter inmediato (finais do mes de abril ou principios de maio) dunha Comisión Extraordinaria de Avaliación de Proxectos Audiovisuais da CRTVG. Anticípase así a toma de decisións para a selección de proxectos participados pola Corporación co fin de contribuír a apoiar á produción audiovisual galega.
- Promoción da tramitación das contratacións da CRTVG mediante a transferencia dixital dos materiais relacionados, como documentación en PDF e entrega de produto a través de FTP, para axilizar a súa tramitación e rebaixar os custos da mesma.
- Reforzo de investimento, nas próximas semanas, para a adquisición de documentais en galego de produtoras audiovisuais que os teñan rematados, nos que a CRTVG non participara no seu momento. A Corporación, unha vez avaliados, pretende así incrementar o seu fondo documental.
- Activar con carácter inmediato un procedemento para a selección de propostas para a contratación dun documental relacionado co momento actual Covid-19. Neste caso incluíranse condicións preferentes de acceso ao arquivo da CRTVG para a súa elaboración.
- Activar un procedemento para a selección de proxectos destinados á adaptación a televisión, mediante rodaxe en escenario, dunha obra preexistente da produción teatral galega.



CORPORACIÓN
RADIO E TELEVISIÓN
DE GALICIA

San Marcos
15820 Santiago de Compostela
Tlf: +34 981540640
info@crtvg.es www.crtvg.gal

- Reactivación da produción musical galega para televisión e radio, na medida en que a regulación sanitaria o permita, nos programas dos medios públicos galegos especializados como “Luar”, “Bamboleo”, “Os Cantos Rolados”, “Estudio 3” e “Ben Compasado”.
- Establecemento dun ciclo de concertos de música vía web para amosar nos medios públicos galegos a creatividade contemporánea, en especial da música emerxente nos distintos xéneros.
- Reactivación inmediata da actividade de dobraxe cara a contribuír con rapidez, no momento en que os estudos se encontren en condicións operativas, a súa normal actividade tras as restricións derivadas da epidemia de Covid-19.
- Axudar ao sector audiovisual galego a participar nos certames internacionais nos que poidan compararse con producións doutros países e intercambiar coñecemento cos seus axentes, como o Prix CIRCUM e o Celtic Media Festival.
- Procura de alianzas ou colaboracións con iniciativas audiovisuais existentes que a CRTVG podería incorporar á súa oferta tanto televisiva como en redes.

A CRTVG adopta estas medidas no marco e alcance da misión de servizo público que ten encomendada na Lei 9/2011, de 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, sen prexuízo das actuacións que puideran implementar as distintas Administracións Públicas.